

Así por esta nuestra sentencia, lo pronunciamos, mandamos y firmamos.

Y para que así conste a efectos de su publicación en el Boletín Oficial de la provincia, a fin de que sirva de notificación en forma a Dismedia Diseño Multimedia, S.L., expido y firmo la presente en A Coruña, a diecinueve de enero de dos mil uno.—La Secretaria, María Asunción Barrio Calle. 897

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

Anuncio da aprobación inicial do proxecto de urbanización do Polígono nº 1 da Unidade de Actuación nº 2 do P.X.O.U.-Rúa Luis Otero e Avenida de Compostela.

A Comisión de Goberno, en sesión de 22 de xaneiro de 2001 aprobou, con carácter inicial, o Proxecto de Urbanización formulado por “Prycoga, Sociedad Cooperativa Limitada”, coa finalidade de levar á práctica o Plan Especial da Unidade de Actuación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana, dentro do seu concreto Polígono nº 1, situado entre a Rúa Luis Otero e a Avenida de Compostela e sendo redactado polo Arquitecto don Manuel Jesús Freijeiro, con visado da Delegación en Pontevedra do C.O.A.G. de 13/9/00, facéndose constar no devandito acordo que aínda que o presente Proxecto de Urbanización comprende os Polígonos 1 e 2 da antiga Unidade de Actuación 2 do P.X.O.U., nos seus documentos de resolución gráfica como na súa descripción escrita, memoria e prego de condicións se diferencia, segundo o informe técnico municipal, a execución independente dos polígonos en etapas diferentes. Nese sentido, se declara que a documentación do Polígono 2 enténdese como proposta de solución factible e para a constatación da súa posible urbanización partindo do polígono 1. Deste modo, a futura Xunta de Compensación do Polígono 2 poderá, no seu día, asumir este proxecto ou ben presentar un documento distinto, sempre que se adapte á normativa urbanística vixente, dispoñéndose o seu sometemento a información pública.

Durante o prazo de un mes, contado a partir da inserción deste anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, calquera interesado poderá examinalo expediente no Servizo Municipal de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico (Rúa Churruchasos), e formula-las alegacións e xustificacións que estime procedentes.

Pontevedra, a 31 de xaneiro de 2001.—O Alcalde, P.D., o Tte. Alcalde Delegado da Area de Urbanismo e Medio Ambiente, Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Oumuro. 1252

A N U N C I O

Resolución da Alcaldía pola que se eleva a definitiva a aprobación inicial da modificación do artigo 39 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente contra a Contaminación Acústica, dispoñendo a súa publicación regulamentaria.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro do 2000, acordou prescribir a aprobación inicial á modificación do artigo 39 da Ordenanza municipal de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica, dispoñendo tamén o seu sometemento a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias, sinalándose expresamente que de non ser presentados, no prazo establecido, entenderíase adoptado o acordo de aprobación definitiva, dictando resolución a Alcaldía, dispoñendo a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Publicado no Boletín Oficial da provincia número 238, do 14 de decembro do 2000, o anuncio da exposición pública do proxecto de modificación do artigo 39 da Ordenanza, que rematou o 22 de xaneiro pasado, non se formulou no prazo establecido alegación ou reclamación algunha contra o mesmo.

De conformidade co disposto no suliñado acordo plenario e no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a ordenanza non entrará en vigor ata que sexa publicado o seu texto íntegro, e transcurrise o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal. Así mesmo, no apartado terceiro do acordo plenario de aprobación inicial da modificación do referido artigo, dispónse que de non producirse reclamacións ou suxerencias no prazo establecido por Resolución da Alcaldía se elevará a definitiva a aprobación inicial adoptada polo Pleno da Corporación Municipal, procedéndose a súa publicación regulamentaria.

Esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións:

RESOLVE:

Elevar a definitivo o acordo de aprobación inicial do Pleno da Corporación de 25 de novembro do 2000, da modificación do artigo 39 da Ordenanza de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica, dispoñendo a publicación do seu texto íntegro do referido precepto no Boletín Oficial da Provincia

“Artigo 39.

1. As condicións esixidas ás particións acústicas dos locais sitios en edificios habitados e destinados a calquera actividade de concorrencia pública ou instalación que poida considerarse como foco de ruído serán as seguintes:

- a) En xeral os elementos constructivos horizontais e verticais de separación entre calquera instalación ou actividade do tipo mencionado e outro local ou recinto contiguo deberán garantir un illamento acústico mínimo de 45 dB (A) durante o horario de funcionamento dos focos de ruído, e de 60 dB (A) se a actividade ha de funcionar en parte durante o horario nocturno especificado no Art. 10.3 destas Ordenanzas.

Os titulares ou responsables de calquera actividade están obrigados a adoptar as medidas de insonorización nas súas fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir en calquera caso as prescricións establecidas, dispoñendo, se fose preciso, de sistemas de ventilación forzada, de xeito que poidan pechase os ocos ou fiestras existentes ou proxectadas.

Os proxectos técnicos de instalación de actividades afectadas polo ámbito de aplicación do Regulamento de Actividades Noxentas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, independentemente da súa inclusión ou non no seu Nomenclator Anexo, achegarán un estudio xustificativo sobre as medidas correctoras precisas para que a emisión e transmisión dos ruídos xerados polas distintas fontes sonoras cumpran as prescricións desta Ordenanza. O estudio xustificativo desenvolverá como mínimo os aspectos que se establecen nas seguintes alíneas:

- a) No caso de ruído aéreo:

-Identificación das fontes sonoras máis destacables da actividade e valoración do nivel acústico das mesmas.

-Localización e descrición das características da zona máis probable de recepción do ruído orixinado polas actividades, sinalando expresamente os límites do ruído legalmente admisible na zona.

-Valoración, en función dos datos anteriores, da necesidade mínima de illamento acústico ó ruído aéreo.

-Deseño da instalación acústica proposta, con descrición dos materiais utilizados e detalles constructivos da súa montaxe.

-Xustificación analítica da validez da instalación proposta.

- b) No caso de ruído estrutural por vibracións:

- Identificación da máquina ou instalación conflictiva, detallando as súas características fundamentais (carga e frecuencia).

-Descrición do antivibrador seleccionado e cálculo analítico onde se aprecie a porcentaxe de eliminación de vibración obtido coa súa instalación.

-Detalle gráfico onde se aprecien as características da montaxe.

- c) No caso de ruído estrutural por impactos:

-Descrición da natureza e características físicas do impacto.

- Valoración sobre a posible transmisión dos impactos a recintos colindantes.

-Descrición da solución técnica deseñada para a eliminación da transmisión estrutural dos impactos.

-Detalle gráfico onde se aprecien as características da solución adoptada.

Estes establecementos terán que poñer no exterior e na inmediación da porta de acceso unha placa na que se fará consta-lo aforo, actividade, número de licenza e superficie, para a inmediata identificación polo servizo de inspección acústica ou axentes municipais e sen prexuízo do cumprimento da normativa de protección do patrimonio cultural do Conxunto Histórico.

ACTIVIDADES ADICADAS O USO DE ESPECTACULO PUBLICO OU ACTIVIDADE RECREATIVA

1. As licencias de instalación de locais adicados a calquera tipo de espectáculo público ou actividade recreativa, con independencia de estar ou non incluídos no Nomenclator Anexo do Regulamento de Actividades Noxentas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, tramitaranse segundo as determinacións deste Regulamento aprobado por Decreto 2414/1961, do 30 de novembro e polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto.

- a) En calquera caso, todos estes establecementos terán que poñer-lo diploma ou extracto da licenza de apertura e posta en funcionamento que expide a Alcaldía na parede posterior á barra ou mostrador de atención ó público do local, para a inmediata identificación polos servizos ou axentes municipais.
- b) Se a actividade é un bar sen música ambiental, ou semellante (Cafetería ou Café-Bar), o nivel de illamento acústico mínimo das particións separadoras con vivendas será de 70 dB (A).
- c) No caso de bares con música, copas, "pubs", discotecas, salas de baile e salas de festa, tablaos flamencos, "music hall" e similares, cafés-concertos, cafés-cantantes, "karaokes", boleiras ou recintos onde se emita música ó vivo, o nivel de illamento esixible ós elementos constructivos separadores con vivendas será de 80 dB (A) como mínimo.
- d) Os establecementos citados no apartado c) anteriores deberán dispor, na entrada principal do establecemento, dun vestíbulo de illamento cunha superficie mínima do 3% da superficie construída do local, incluídos servizos, barra, almacén, etc. Este vestíbulo franquearase por portas con apertura no sentido da evacuación,

deixando entre elas unha zona libre de varrido de, cando menos, 1,20 m.

Asemade, a superficie mínima por planta destes locais será:

- Café-Bar Especial, Pub: 80 m².
- Café-Concerto, Café-Cantante, Karaoke, Boleiras ou recintos onde se emita música ao vivo: 150 m².
- Discotecas, salas de baile e salas de festa, tablaos flamencos, "music hall" e similares: 250 m².

e) Os valores de illamento tamén se refiren ós orificios e mecanismos para a ventilación e acondicionamento de ar dos locais.

2. Cando o foco de emisión de ruidos, no caso de actividades en xeral, sexa un elemento puntual, compresores, ventiladores, etc., o illamento acústico poderase limitar a dito foco emisor, sempre que se cumpran os niveis de transmisión de ruídos regulados nos artigos 9 e 10 desta Ordenanza.

3. O cumprimento das disposicións deste artigo non exime da obriga de axustarse ós niveis dos artigos 9 e 10 da Ordenanza".

OFRECEMENTO DE RECURSOS:

O precedente acordo esgota a vía administrativa e contra a modificación do artigo 39 da Ordenanza municipal de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica aprobada definitivamente, poderá interpoñerse directamente por quen se considere lexitimado o recurso contencioso administrativo perante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da publicación do texto íntegro da Ordenanza, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.6) da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdicción Contencioso Administrativa.

Non obstante tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte a dereito, significándolle que o artigo 107.3 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, non admite interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Así o dispuxo e ordenou o Ilmo. Sr. Alcalde, en Pontevedra a trinta e un de xaneiro do dous mil un, perante o Sr. Secretario Xeral que da fe da presente Resolución.

Pontevedra, a 7 de febreiro do 2001.—O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 1257

* * *

CANGAS

E D I T O

Con data 26 de xaneiro actual, o Pleno deste Concello acordou desestimar as alegacións presentadas por correo polo BNG, contra a aprobación provisional da nova Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por servizo de extinción de incendios, salvamento e outros, e a modificación da Taxa por Recolleita de lixo, e confirmar a aprobación definitiva de data 27-12-00, quedando ambas ordenanzas aprobadas co texto que figura publicado no BOP nº 248, do 28 de decembro de dous mil.

Cangas, a 30 de xaneiro de 2001.—O Alcalde, José Enrique Sotelo Villar. 1192

* * *

BARRO

A N U N C I O

Asunto: Anuncio de exposición ó público do expediente de apertura dun taller de automóbiles de chapa, pintura e mecánica.

Por Arturauto, S.L., solicitouse deste Concello de Barro, licencia municipal para a apertura de taller de reparación de automóbiles en chapa, pintura e mecánica a emprazar en Santo Antoniño-Perdecanaí.

Segundo dispón o apartado a) do número 2 do artigo 30 do Regulamento de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas, exponse ó público o expediente polo prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da provincia.

As persoas interesadas poderán examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas nas oficinas do Concello.

Barro, a 29 de xaneiro de 2001.—O Alcalde, José Antonio Landín Eirín. 1114

A N U N C I O

Asunto: Anuncio de exposición ó público do expediente de reforma e apertura de I.T.V. en Curro (Barro).

Pola empresa Supervisión y Control, S.A., solicitouse deste Concello de Barro, licencia municipal para a reforma e apertura da estación de ITV de Curro a emprazar na paraxe de Sequeiros, do lugar de San Mauro, da parroquia de Portela (Barro).

Segundo dispón o apartado a) do número 2 do artigo 30 do Regulamento de actividades molestas,